

Alento lixeiro, de Iván Bunin

DARIA SINITSYNA

Á memoria da gran tradutora Alexandra Koss

Iván Bunin (1870-1953) é un escritor ruso. A súa obra inclúe poesía, conto, novela, testemuño e traducións. Considérase o seguidor da tradición lírica rusa do século XIX. Na narrativa, de estética realista e proxectada máis ben cara ao pasado, destacan os temas finiseculares do tráxico paso do tempo, da degradación da aldea rusa, do conflito cultural do progreso e a tradición, da espiritualidade profunda do pobo. Foi un opositor activo da Revolución de Outubro e do bolchevismo. Dende 1920 residiu no exilio. En 1933 foille concedido o Premio Nobel de Literatura, coa razón formulada: “pola súa arte, coa cal continuou as tradicións rusas clásicas na escritura da prosa”. O relato *Alento lixeiro* (1916) é un texto moi representativo na obra de Bunin, tanto polo entorno representado, como polo tipo do conflito e a poética en xeral.

На кладбище, над свежей глиняной насыпью стоит новый крест из дуба, крепкий, тяжелый, гладкий.

Апрель, дни серые; памятники кладбища, просторного, уездного, еще далеко видны сквозь голые деревья, и холодный ветер звенит и звенит фарфоровым венком у подножия креста.

В самый же крест вделан довольно большой, выпуклый фарфоровый медальон, а в медальоне — фотографический портрет гимназистки с радостными, поразительно живыми глазами.

Это Оля Мещерская.

Девочкой она ничем не выделялась в толпе коричневых гимназических платьиц: что можно было сказать о ней, кроме того, что она из числа хорошеньких, богатых и счастливых девочек, что она способна, но шаловлива и очень беспечна к тем наставлениям, которые ей делает классная дама? Затем она стала расцветать, развиваться не по дням, а по часам. В четырнадцать лет у нее, при тонкой талии и стройных ножках, уже хорошо обрисовывались груди и все те формы, очарование которых еще никогда не выразило человеческое слово; в пятнадцать она слыла уже красавицей. Как тщательно

No cemiterio, enriba dun outeriño de barro fresco, hai unha nova cruz de carballo, rexa, pesada e lisa.

É abril, os días son grises; as tumbas do espazoso cimiterio comarcal vense dende moi lonxe por entre as árbores espidas, e o vento frío fai soar e soar a coroa de porcelana ao pé da cruz.

Na cruz fica incrustado un medallón en relevo, de porcelana, bastante grande, e dentro do medallón hai un retrato fotográfico dunha colexiala de ollos ledos e incrivelmente vivos.

É Olya Meshérskaya.

De pequena, non sobresaía para nada na multitude de vestidos marróns de colexio: que se podía dicir dela, agás que era unha das rapazas bonitiñas, ricas e contentas, que tiña capacidades, pero era travesa e non facía demasiado caso aos sermóns que lle proporcionaba a súa preceptora? Logo, comezou a florecer, a medrar a ollos vistos. Aos catorce anos, tendo un talle fino e pernas lanzais, xa se lle avultaban ben os peitos e todas aquelas formas dun feitizo xamais revelado na palabra humana, e, aos quince, xa tiña a súa sona de ser unha beleza. Con canto esmero se peiteaban algunhas das súas amigas;

причесывались некоторые ее подруги, как чистоплотны были, как следили за своими сдержанными движениями! А она ничего не боялась ни —чернильных пятен на пальцах, ни раскрасневшегося лица, ни растрепанных волос, ни заголившегося при падении на бегу колена. Без всяких ее забот и усилий и как-то незаметно пришло к ней все то, что так отличало ее в последние два года из всей гимназии, —изящество, нарядность, ловкость, ясный блеск глаз... Никто не танцевал так на балах, как Оля Мещерская, —никто не бегал так на коньках, как она, ни за кем на балах не ухаживали столько, сколько за ней, и почему-то никого не любили так младшие классы, как ее. Незаметно стала она девушкой, и незаметно упрочилась ее гимназическая слава, и уже пошли толки, что она ветрена, не может жить без поклонников, что в нее безумно влюблен гимназист Шеншин, что будто бы и она его любит, но так изменчива в обращении с ним, что он покушался на самоубийство.

Последнюю свою зиму Оля Мещерская совсем сошла с ума от веселья, как говорили в гимназии. Зима была снежная, солнечная, морозная, рано опускалось солнце за высокий ельник снежного гимназического сада, неизменно погожее, лучистое, обещающее и на завтра мороз и солнце, гулянье на Соборной улице, каток в городском саду, розовый вечер, музыку и эту во все стороны скользющую на катке толпу, в которой Оля Мещерская казалась самой беззаботной, самой счастливой. И вот однажды, на большой перемене, когда она вихрем носилась по сборному залу от гонящихся за ней и блаженно визжавших первоклассниц, ее неожиданно позвали к начальнице. Она с разбегу остановилась, сделала только один глубокий вздох, быстрым и уже привычным женским движением оправила волосы, дернула уголки передника к плечам и, сияя глазами, побежала наверх. Начальница, моложавая, но седая, спокойно сидела с вязаньем в руках за письменным столом, под царским портретом.

—Здравствуйте, *mademoiselle* Мещерская —сказала она по-французски, не поднимая глаз от вязанья. —Я, к сожалению, уже не первый раз принуждена призывать вас сюда,

que pulcras eran, como coidaban os seus movementos discretos! Ela, porén, non tiña medo de nada, nin das manchas de tinta nos dedos, nin da cara colorada, nin do cabelo alborotado, nin do xeonllo que deixou ver ao caer nunha carreira. Sen ningún empeño nin esforzo, furtivamente, veulle todo o que a distinguía tanto nos últimos dous anos do colexio: graza, elegancia, axilidade, brillo claro dos ollos... Ninguén bailaba nas festas coma Olya Meshérskaya, ninguén patinaba coma ela, a ninguén se lle cortexaba tanto nos bailes coma a ela e, por non se sabe que razón, a ninguén lle tiñan tanto cariño as colexialas menores coma a ela. Sen se notar, fíxose unha señorita e, aos poucos, acrecentouse a súa sona de colexiala e xa comezaron as cubilladas de que era frívola, de que non podía vivir sen admiradores, de que o colexial Shenshín toleaba de amor por ela; disque ela tamén o amaba, pero amosábase tan versátil con el que intentara suicidarse...

No seu inverno derradeiro, Olya Meshérskaya volveuse tola por tanta festa, dicían no colexio. Aquel inverno solleiro e frío nevou moito, o sol baixaba axiña tralos altos abetos do xardín nevado do colexio, sempre sereno, resplandecente, que prometía para o día vindeiro tamén frío e sol, unha volta pola rúa Sobórnaya, a pista de patinar do xardín municipal, un serán cor de rosa, a música e esa turba que esborrexía por todas partes na pista onde Olya Meshérskaya parecía a máis despreocupada, a máis feliz. E logo, un día, no recreo longo, mentres corría coma o vento pola sala principal fuxindo das nenas do primeiro grao, que chiaban compracidas, de repente, fíxoa chamar a directora. Parou de contado, soltou un só suspiro profundo, arranxou o cabelo cun movemento rápido e xa acostumado de muller, tirou os volantes do mandil cara aos ombreiros e, cun brillo nos ollos, subiu ás carreiras. A directora, unha muller de fasquía nova pero con canas, estaba sentada tranquila detrás do escritorio, debaixo dun retrato do zar, calceitando.

—Bos días, *mademoiselle* Meshérskaya, —dixo en francés, sen erguer os ollos do punto—. Desgraciadamente, non é a primeira vez

чтобы говорить с вами относительно вашего поведения.

—Я слушаю, *madame*, —ответила Мещерская, подходя к столу, глядя на нее ясно и живо, но без всякого выражения на лице, и присела так легко и грациозно, как только она одна умела.

—Слушать вы меня будете плохо, я, к сожалению, убедилась в этом, —сказала начальница и, потянув нитку и завертев на лакированном полу клубок, на который с любопытством посмотрела Мещерская, подняла глаза. —Я не буду повторяться, не буду говорить пространно, —сказала она.

Мещерской очень нравился этот необыкновенно чистый и большой кабинет, так хорошо дышавший в морозные дни теплом блестящей голландки и свежестью ландышей на письменном столе. Она посмотрела на молодого царя, во весь рост написанного среди какой-то блистательной залы, на ровный пробор в молочных, аккуратно гофрированных волосах начальницы и выжидательно молчала.

—Вы уже не девочка, —многозначительно сказала начальница, втайне начиная раздражаться.

—Да, *madame*, —просто, почти весело ответила Мещерская.

—Но и не женщина, —еще многозначительнее сказала начальница, и ее матовое лицо слегка заалело. —Прежде всего, —что это за прическа? Это женская прическа!

—Я не виновата, *madame*, что у меня хорошие волосы, —ответила Мещерская и чуть тронула обеими руками свою красиво убранную голову.

—Ах, вот как, вы не виноваты! —сказала начальница. —Вы не виноваты в прическе, не виноваты в этих дорогих гребнях, не виноваты, что разоряете своих родителей на туфельки в двадцать рублей! Но, повторяю вам, вы совершенно упускаете из виду, что вы пока только гимназистка...

И тут Мещерская, не теряя простоты и спокойствия, вдруг вежливо перебила ее:

—Простите, *madame*, вы ошибаетесь: я женщина. И виноват в этом знаете кто? Друг и сосед папы, а ваш брат Алексей Михайлович

que me vexo obrigada a invitarlle a vostede aquí para falar da súa conduta.

—Estoulle escoitando, *madame* —replicou Meshérskaya, achegándose ao escritorio, ollándoa clara e vivamente pero sen ningunha expresión na cara; e fixo unha reverencia coa súa característica elegancia e lixeireza—.

—Si, estarame escoitando, pero mal; sinto dicirle que xa o teño ben claro —dixo a directora, e, ao tirar o fío para facer xirar no chan vernizado o nobelo, que Meshérskaya ollou con curiosidade, levantou os ollos—. Non lle vou falar moito nin llo vou repetir dúas veces —dixo—.

A Meshérskaya encantáballe aquel despacho grande e tan limpo, onde se respiraba tan ben nos días de frío coa calor da estufa holandesa radiante e a frescura dun ramallete de lirios do val no escritorio. Botou unha ollada ao zar novo retratado de corpo enteiro en medio dalgunha sala magnífica, á raia recta no cabelo leitoso e escrupulosamente ondulado da directora e agarrou calada.

—Vostede xa non é unha nena, —dixo a directora con gravidade, alporizándose aos poucos—.

—Non, *madame* —retrucou Meshérskaya con sinxeleza, case que con ledicia.

—Pero tampouco é unha muller, —dixo a directora aínda con máis gravidade, e o seu rostro opaco corou un pouco—. Antes que nada, que clase de peiteado é este? É un peiteado de muller!

—Non lle teño a culpa, *madame*, de ter un cabelo bonito —contestou Meshérskaya, e rozou con ambas as dúas mans a súa cabeza ben arranxada—.

—Así que non ten a culpa! —dixo a directora—. Non ten a culpa do pelo, nin destes peites tan caros nin de facer gastar aos seus pais vinte rublos en zapatos! Repítolle, vostede esquece que aínda non é máis que unha colexiala...

De súpeto, Meshérskaya, sen perder a sinxeleza nin a calma, interrompeuna con amabilidade:

—Desculpe, *madame*, pero vostede está enganada: sonlle unha muller. E sabe quen é o culpable? O amigo e veciño de papá e o seu irmán

Малютин. Это случилось прошлым летом в деревне...

А через месяц после этого разговора казачий офицер, некрасивый и плебейского вида, не имевший ровно ничего общего с тем кругом, к которому принадлежала Оля Мещерская, застрелил ее на платформе вокзала, среди большой толпы народа, только что прибывшей с поездом. И невероятное, ошеломившее начальницу признание Оли Мещерской совершенно подтвердилось: офицер заявил судебному следователю, что Мещерская завлекла его, была с ним близка, поклялась быть его женой, а на вокзале, в день убийства, провожая его в Новочеркасск, вдруг сказала ему, что она и не думала никогда любить его, что все эти разговоры о браке —одно ее издевательство над ним, и дала ему прочесть ту страничку дневника, где говорилось о Малютине.

—Я пробежал эти строки и тут же, на платформе, где она гуляла, поджидая, пока я кончу читать, выстрелил в нее, —сказал офицер.— Дневник этот, вот он, взгляните, что было написано в нем десятого июля прошлого года.

В дневнике было написано следующее:

“Сейчас второй час ночи. Я крепко заснула, но тотчас же проснулась... Нынче я стала женщиной! Папа, мама и Толя, все уехали в город, я осталась одна. Я была так счастлива, что одна! Я утром гуляла в саду, в поле, была в лесу, мне казалось, что я одна во всем мире, и я думала, так хорошо, как никогда в жизни. Я и обедала одна, потом целый час играла, под музыку у меня было такое чувство, что я буду жить без конца и буду так счастлива, как никто. Потом заснула у папы в кабинете, а в четыре часа меня разбудила Катя, сказала, что приехал Алексей Михайлович. Я ему очень обрадовалась, мне было так приятно принять его и занимать. Он приехал на паре своих вятков, очень красивых, и они все время стояли у крыльца, он остался, потому что был дождь, и ему хотелось, чтобы к вечеру просохло. Он жалел, что не застал папу, был очень оживлен и держал себя со мной кавалером, много шутил, что он давно влюблен в меня. Когда мы гуляли перед чаем по саду, была опять прелестная погода, солнце блестело

de vostede, Alexey Mijálovich Malyutin. Acaeceu o verán pasado, na aldea...

E un mes despois daquela conversa, un oficial de cosacos, feo e de fasquía plebea, que non tiña nada que ver co círculo ao que pertencía Olya Meshérskaya, matouna dun tiro na plataforma da estación, en medio da multitude que acababa de baixar do tren. Foi entón como a confesión inverosímil de Olya Meshérskaya, que impresionara tanto á directora, se confirmou por completo: o oficial declarou ao xuíz instrutor que Meshérskaya o seducira, que tiveran relacións e xurara casar con el, e, na estación, o día do crime, acompañándoo ata o tren de Novocherkassk, díxolle, de socato, que endexamais o amara, que todas as faladurías do casamento non eran máis que mofas, e deulle a páxina do seu diario onde falaba de Malyutin para que a lese.

—Lin aquelas liñas e alí mesmo, na plataforma, onde estaba a pasear, agardando que eu rematase a lectura, pegueille un tiro —dixo o oficial—. Aquí ten o diario, vexa o que foi apuntado o dez de xullo do ano pasado.

O diario dicía o seguinte:

“É a unha da madrugada. Tiña un sono profundo, pero decontado espertei... Hoxe fixenme muller! Papá, mamá e Tolya, todos marcharon á cidade, fiquei soa. Que contenta de estar soa! Pola mañá dei unha voltiña polo xardín, polo campo, estiven na fraga, parecía que estaba soa no mundo, e podía pensar tan ben como nunca antes na vida. Tamén xantei soa, logo estiven unha hora enteira tocando, a música dábame a sensación de que ía vivir eternamente e sería máis feliz que ninguén. Despois, durmín no despacho de papá e ás catro espertoume Katya, díxome que chegara Alexey Mijáylovich. Púxenme moi contenta, facíame tanta ilusión recibilo e entretelo. Chegou nunha carruaxe levada polos seus dous corceis de Vyatka, moi fermosos, e estiveron sempre ao carón do soportal; el ficou na casa porque chovía e agardaba que delourase pola tarde. Dáballe pena non poder ver a papá, estaba moi animado e portábase comigo como un galán, dicía de mofa que levaba moito tempo namorado de min. Cando paseabamos polo xardín antes da hora do té, ía un tempo precioso, o

через весь мокрый сад, хотя стало совсем холодно, и он вел меня под руку и говорил, что он Фауст с Маргаритой. Ему пятьдесят шесть лет, но он еще очень красив и всегда хорошо одет — не понравилось только, что он приехал в крылатке, — пахнет английским одеколоном, и глаза совсем молодые, черные, а борода изящно разделена на две длинные части и совершенно серебряная. За чаем мы сидели на стеклянной веранде, я почувствовала себя как будто нездоровой и прилегла на тахту, а он курил, потом пересел ко мне, стал опять говорить какие-то любезности, потом рассматривать и целовать мою руку. Я закрыла лицо шелковым платком, и он несколько раз поцеловал меня в губы через платок... Я не понимаю, как это могло случиться, я сошла с ума, я никогда не думала, что я такая! Теперь мне один выход... Я чувствую к нему такое отвращение, что не могу пережить этого!”

Город за эти апрельские дни стал чист, сух, камни его побелели, и по ним легко и приятно идти. Каждое воскресенье, после обедни, по Соборной улице, ведущей к выезду из города, направляется маленькая женщина в трауре, в черных лайковых перчатках, с зонтиком из черного дерева. Она переходит по шоссе грязную площадь, где много закопченных кузниц и свежо дует полевой воздух; дальше, между мужским монастырем и острогом, белеет облачный склон неба и сереет весеннее поле, а потом, когда проберешься среди луж под стеной монастыря и повернешь налево, увидишь как бы большой низкий сад, обнесенный белой оградой, над воротами которой написано Успение божией матери. Маленькая женщина мелко крестится и привычно идет по главной аллее. Дойдя до скамьи против дубового креста, она сидит на ветру и на весеннем холоде час, два, пока совсем не зазябнут ее ноги в легких ботинках и рука в узкой лайке. Слушая весенних птиц, сладко поющих и в холод, слушая звон ветра в фарфоровом венке, она думает иногда, что отдала бы полжизни, лишь бы не было перед ее глазами этого мертвого венка. Этот веночек, этот бугор, дубовый крест! Возможно ли, что под ним та, чьи глаза так бессмертно сияют из этого выпуклого фарфорового медальона на кресте, и как совместить с этим чистым

sol relucía a través das ramas molladas, aínda que foi moito frío, e levábame do brazo dicindo que era Fausto e eu Margarita. Ten cincuenta e seis anos pero segue a ser moi feitoño e sempre está moi arranzado — só que non me gustou nada que chegase nunha carruaxe—, cheira a colonia inglesa, e os ollos, moi novos, negros, e a barba tena dividida en dúas partes longas, toda prateada. Tomamos té nunha terraza encristalada, sentínme un pouco mal e tombeime no sofá, e el estaba fumando pero logo sentou no sofá ao meu carón e díciame non sei que piropos, despois, púxose a ollar e a bicarme a man. Cubrín a cara cun pano de seda e deume un bico na boca a través do pano varias veces. Non comprendo como puido ocorrer, toleei, xamais pensei que fose unha así! Agora non me queda máis que unha saída... Síntolle tanta repulsión que non o podo aturar!”

Nestes días de abril, a cidade volveuse limpa, seca, as súas pedras embranqueceron; é fácil e agradable pisalas. Todos os domingos, despois da misa, vai pola rúa Sobórnaya, que leva ao campo, unha muller miúda, enloitada, con luvas negras de badanas e un paraugas de ébano. Cruza pola estrada a praza sucia con moitas fraguas cheas de feluxe, onde sopra un ar fresco do campo; máis alá, entre o convento e o cárcere, vese o branco do ceo nubrado e o gris da eira primaveral, e logo, se un chouta por entre as charqueiras debaixo do muro do convento e xira á esquerda, verá unha especie de xardín grande e baixo rodeado dunha tapia branca cunha icona da Asunción da Virxe enriba da porta. A muller miudiña fai o sinal da cruz e vai, coma decote, pola alameda principal. Ao chegar ao banco en fronte da cruz de carballo, séntase e está así unha hora ou dúas, malia o vento ou a friaxe primaveral, deica xeárselle ata os ósos os pés calzados de botíns lixeiros e a man cuberta de badana fina. Escoitando os paxaros de primavera, que igual cantan con dozura se vai frío, escoitando o son do vento na coroa de porcelana, pensa ás veces que daría unha media vida para non ter diante dos seus ollos esa coroa morta. Esa coroa, ese outeriño, a cruz de carballo! Como é posible que estea alí debaixo a dos ollos que brillan tan vi-

взглядом то ужасное, что соединено теперь с именем Оли Мещерской? —Но в глубине души маленькая женщина счастлива, как все преданные какой-нибудь страстной мечте люди.

Женщина эта —классная дама Оли Мещерской, немолодая девушка, давно живущая какой-нибудь выдумкой, заменяющей ей действительную жизнь. Сперва такой выдумкой был ее брат, бедный и ничем не замечательный прапорщик, —она соединила всю свою душу с ним, с его будущностью, которая почему-то представлялась ей блестящей. Когда его убили под Мукденом, она убеждала себя, что она —идейная труженица. Смерть Оли Мещерской пленила ее новой мечтой. Теперь Оля Мещерская —предмет ее неотступных дум и чувств. Она ходит на ее могилу каждый праздник, по часам не спускает глаз с дубового креста, вспоминает бледное личико Оли Мещерской в гробу, среди цветов —и то, что однажды подслушала: однажды, на большой перемене, гуляя по гимназическому саду, Оля Мещерская быстро, быстро говорила своей любимой подруге, полной, высокой Субботиной:

—Я в одной папиной книге, —у него много старинных смешных книг, —прочла, какая красота должна быть у женщины... Там, понимаешь, столько насаказано, что всего не упомнишь: ну, конечно, черные, кипящие смолой глаза, —ей-богу, так и написано: кипящие смолой!— черные, как ночь, ресницы, нежно играющий румянец, тонкий стан, длиннее обыкновенного руки, —понимаешь, длиннее обыкновенного! —маленькая ножка, в меру большая грудь, правильно округленная икра, колена цвета раковины, покатые плечи, —я многое почти наизусть выучила, так все это верно! —но главное, знаешь ли что? —Легкое дыхание! А ведь оно у меня есть, —ты послушай, как я вздыхаю, —ведь правда, есть?

Теперь это легкое дыхание снова рассеялось в мире, в этом облачном небе, в этом холодном весеннем ветре.

vamente no medallón de porcelana en relevo? Como é posible que sexan compatibles esta mirada pura e todo o terrible que se une agora ao nome de Olya Meshérskaya? Pero no fondo da alma, a muller miudiña está feliz como todas as persoas devotas dun soño apaixonado.

Esta muller non é a outra que a dama da clase de Olya Meshérskaya, unha solteirona que leva xa moito tempo inventando historias que lle substitúan a vida real. Primeiro foi o seu irmán, un alférez pobre e nada notable; entregoulle a alma enteira a el, ao seu porvir, que quen sabe por que se lle antollaba brillante. Cando o mataron en Mukdén, convenceuse de que dedicaría o resto da súa vida ao traballo. A morte de Olya Meshérskaya enfeitouna cun soño novo. Agora é Olya Meshérskaya o obxecto dos seus pensamentos e sentimentos constantes. Visita a súa tumba todos os días festivos, pasa horas cos ollos cravados na cruz de carballo, lémbrese da cariña pálida de Olya Meshérskaya no cadaleito, entre as flores, e da conversa que escoitara un día no recreo longo, mentres paseaba polo xardín do colexio. Olya Meshérskaya dicíalle rápido á súa amiga máis querida, á alta e grosa Subbótina:

—Lin nun libro de papá —é que ten moitos libros vellos gratiosos— como debe ser a fermosura dunha muller... Sabes, poñen alí tantas cousas que unha non se pode lembrar de todas: pois, claro, ollos negros, de alcatrán fervendo, —xúrocho, din literalmente: de alcatrán fervendo!—, pestanas negras coma a noite, un rubor tenro e ledó, un talle fino, brazos máis longos que de costume, entendes, máis longos que de costume!, un pé pequeniño, peitos proporcionados, un papo da perna de redondez conveniente, xeonllos cor de cuncha, ombreiros inclinados...; aprendín unha cantidade de cousas case que de memoria, é que alí hai tanta pero tanta razón!, pero o máis importante, sabes que é? O alento lixeiro! E si que o teño, oe como suspiro, si que o teño, non é así?

Agora, ese alento lixeiro espallou outra vez polo mundo, polo ceo nubrado, polo vento frío de primavera.